

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A HERMANDAD GALLEGA DE VENEZUELA PARA O MANTEMENTO DUNHA OFICINA DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO E ATENCIÓN DE NECESIDADES SOCIO ASISTENCIAIS E SANITARIAS BÁSICAS DOS CIDADÁNS GALEGOS RESIDENTES EN CARACAS, VENEZUELA

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, a **Secretaría Xeral da Emigración**, representada neste acto polo secretario xeral da Emigración, D. Antonio Rodríguez Miranda, nomeado mediante Decreto 158/2016, do 24 de novembro, en virtude das facultades que lle confire a disposición adicional segunda do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

E doutra, a **Hermandad Gallega de Venezuela**, representada neste acto polo presidente da entidade, D. Roberto González Pérez, actuando en virtude das facultades que lle outorgan os estatutos da entidade.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación, para a sinatura do presente convenio de colaboración e para estes efectos,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- As Administracións Públicas no exercicio das súas competencias poden suscribir convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réximen xurídico do sector público, en concordancia co artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

SEGUNDO.- Segundo o establecido no artigo 4 do Decreto 76/2017, de 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da

Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 7/2013, de 13 de xuño, da Galeguidade, as relacións coas comunidades galegas no exterior, as políticas de emigración e retorno en Galicia e a representación e participación nos órganos e foros relacionados coas mesmas que lle encomende a persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia.

TERCEIRO.- Segundo establece o Decreto 76/2017, de 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración ten entre as súas funcións a colaboración coas oficinas de información e asesoramento en materia de programas sociais e asistenciais á cidadanía galega no exterior, que se ven materializando no seu fomento e mantemento.

CUARTO.- En Venezuela reside unha gran colonia de persoas de orixe galega, que ascendía a 43.975 o 1 de xaneiro de 2017 segundo o censo electoral de residentes no estranxeiro, dato que sitúa a este país como o terceiro no estranxeiro onde máis galegos residen na actualidade. A situación social, política e económica pola que está atravesando repercute negativamente no conxunto da sociedade da que non se libran os galegos que alí viven, que están abocados a unha situación de carencia ou sofren unha falta real e operativa de mecanismos integrais de cobertura social e sanitaria.

QUINTO.- A Hermandad Gallega de Venezuela, con sede en Caracas, é unha entidade sen ánimo de lucro fundada en 1960 e rexistrada como comunidade galega no Rexistro de Comunidades Galegas da Secretaría Xeral da Emigración, que ten entre outros fins o acollemento dos emigrantes galegos residentes na súa área xeográfica así como a difusión dos valores tradicionais, sociais e culturais de Galicia en Venezuela e de carácter asistencial de axuda aos máis necesitados.

A Hermandad Gallega de Venezuela é a entidade galega de referencia no país caribeño agrupando actualmente a máis once mil socios emigrantes galegos e os seus descendentes, representativos da importante colonia galega residente en Caracas e a súa área xeográfica, susceptible e potencial colectivo de persoas ás que están dirixidos os programas e as actividades que executa a Secretaría Xeral da Emigración coa que está colaborando activamente:

Por un lado, ao abeiro do convenio de colaboración asinado entre a Secretaría Xeral da Emigración e a Hermandad Gallega de Venezuela o 3 de abril de 2007, creouse unha oficina de información e asesoramento que está en funcionamento desde aquela data ata 2018, inclusive, a través da que se está a desenvolver unha labor de difusión, asesoramento, información e colaborar na xestión das solicitudes dos programas e actividades que executa a Secretaría Xeral da Emigración cun incremento moi importante da actividade debido a situación que está vivindo o país.

Por outra banda está a desenvolver unha importante política social, asistencial e

sanitaria orientada a facer efectiva a cobertura médica básica de persoas con escasos recursos e que se atopan en situación de necesidade pertencentes á colectividade galega, tendo en conta que un gran número de persoas deste colectivo non dispón da pensión económica de ancianidade que concede o Estado español, e os seus recursos non posibilitan a cobertura de tales necesidades. A propia entidade dispón de servizos básicos de asistencia social, de ambulatorio médico e atención sanitaria básica.

SEXTA. É interese de ambas partes manter e reforzar a súa colaboración tanto na prestación dos servizos de información, asesoramento e xestión que esta oficina facilita a todos os integrantes da comunidade galega residente en Venezuela en todos os programas e as actividades que desenvolve a Secretaría Xeral da Emigración, exercendo ao mesmo tempo unha labor de coordinación cos distintos puntos de información establecidos ao longo de todo o país, así como no mantemento da labor social, asistencial e sanitaria orientada aos residentes galegos que se atopan en situación de necesidade.

SEPTIMA. A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento dunha axuda de carácter singular , que non se enmarca dentro da súa actuación xeneralizada de axudas, baseándose no disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrência pública.

O interese público de colaboración no desenvolvemento da presente actuación radica na pretensión de difundir e promocionar todas as accións e programas destinados á colectividade de galegos asentada en Venezuela así como na potenciación do carácter humanitario da labor desenvolvida cos emigrantes galegos máis necesitados.

Por todo o exposto, e tendo en conta a sintonía de obxectivos e a complementariedade dos mecanismos concorrentes para a súa consecución, as partes asinantes formalizan o presente convenio de colaboración, que recolle as seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

Este convenio ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes do presente Convenio para articular o financiamento dos gastos de funcionamento da Oficina de Información da Hermandad Gallega de Venezuela situada na súa propia sede, e contribuír á atención do colectivo de emigrantes galegos, residentes en

Caracas ou na súa área xeográfica que se atopen en situación de necesidade.

SEGUNDA.- PERSOAS BENEFICIARIAS

As persoas destinatarias serán as que conforman a colectividade galega, con nacionalidade española residentes en Caracas ou na súa contorna ás que están dirixidos os programas e actividades que executa a Secretaría Xeral da Emigración, así como aquelas de orixe galego que non dispoñan de adecuada cobertura de asistencia asistencial, sanitaria ou se atopen en situación de risco de desprotección social.

TERCEIRA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO

Co obxecto de colaborar no financiamento deste convenio, a Secretaría Xeral da Emigración comprométese a achegar con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, unha contía de **cincuenta mil euros (50.000 €)**.

A contía da achega está destinada a sufragar os gastos correntes derivados do desenvolvemento das actividades obxecto do convenio, incluídos os de persoal, de gastos correntes e de mantemento da oficina de información, e os orixinados pola axuda socio asistencial ou sanitaria do colectivo obxecto deste convenio.

CUARTA.- COMPATIBILIDADE

A obtención desta axuda é compatible coa obtención doutras axudas para este mesmo fin. A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver.

QUINTA.- PRAZOS E MODOS DE PAGAMENTO

Tras a sinatura deste convenio, efectuarase un pagamento anticipado de **dezasete mil seiscientos euros (17.600 €)**, atendendo ao disposto no artigo 63.1.Un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, como financiamento necesario para poder levar a cabo as accións previstas.

Poderanse realizar pagamentos á conta da liquidación definitiva a medida que o beneficiario xustifique a realización das accións previstas neste convenio. Estes pagamentos e o total do anticipo, en base ao disposto no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, non superarán o 80 % da subvención concedida.

Á vista do establecido nos artigos 65.4 e 5 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por tratarse dunha entidade sen fin de lucro e ser o obxecto do convenio o desenvolvemento de programas de acción social, a entidade non estará obrigada a constituír garantía.



O importe restante librarase no momento en que a entidade beneficiaria xustifique na súa totalidade o cumprimento da finalidade e demais condicións para as que se concedeu a axuda.

SEXTA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN

O prazo de xustificación deste convenio remata o 15 de outubro de 2019.

En virtude do disposto no Título III, artigos 42 e 44 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a xustificación do convenio efectuarase na modalidade de conta xustificativa.

O pagamento do saldo pendente efectuarase contra a presentación de conta xustificada que conterà a seguinte documentación:

- Certificación acreditativa na que se exprese que a totalidade dos fondos foron empregados na consecución dos obxectivos do presente convenio, asinada polo representante da entidade.

- Memoria final detallada das actuacións levadas a cabo ao abeiro do convenio asinada polo representante da entidade na que se fará constar os obxectivos acadados, o presuposto total do funcionamento e colectivo atendido.

- Relación clasificada dos gastos coas actividades e servizos prestados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento.

- Documentos xustificativos dos gastos relacionados, tales como facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa que foran efectivamente pagados durante o período de vixencia do convenio e con anterioridade á data de finalización da súa xustificación (os gastos de persoal xustificáranse coas nóminas e os gastos sociais derivados, xunto coa identificación da función que cada un desempeña).

Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados polo beneficiario. Non obstante, para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros, aceptárase a xustificación do pagamento mediante recibín do provedor, en virtude do disposto no artigo 42.3 do decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Se é o caso, os tres presupostos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

- Relación das persoas beneficiarias con carácter socio asistencial ou sanitario atendidas con cargo a este convenio pola Hermandad Gallega de Venezuela. Esta relación incluírá nome e apelidos, DNI, data e provincia galega de nacemento ou de orixe das persoas beneficiarias, así coma o tipo de prestación efectuada.

- Certificación na que se fará constar que o persoal posto á disposición da oficina e dos puntos de información posúe os coñecementos adecuados para o seu funcionamento, así como a porcentaxe de dedicación deste persoal á atención da oficina e dos puntos de información e a porcentaxe de imputación ao convenio dos gastos correntes presentados para a súa xustificación.

Antes da sinatura do convenio e antes de facerse efectivo cada pagamento aportaranse as seguintes declaracións:

- Declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto aprobadas como as pendentes de resolución, concedidas para os mesmos fins que son obxecto deste convenio, das distintas Administracións Públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades ou de entidades privadas.

- Declaración responsable do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento algunha débeda co Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedor por resolución de procedemento de reintegro.

SÉTIMA.- REINTEGRO

Procederase ao reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora devengados desde o momento do seu pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co artigo 14.1.n da Lei 9/2007, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.

b) Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.



OITAVA.- OBRIGAS DAS PARTES

1. A Hermandad Gallega de Venezuela obrígase a:

- Informar, difundir, asesorar e colaborar na xestión dos programas e das actividades que desenvolve a Secretaría Xeral da Emigración da Xunta de Galicia con destino a colectividade galega no exterior.
- Poñer a disposición da colectividade galega en Venezuela un acceso á páxina web da Secretaría Xeral da Emigración así como doutras páxinas de interese para estes.
- Poñer a disposición da oficina de información e asesoramento o persoal necesario con coñecementos adecuados para o funcionamento da oficina, así como o material necesario e suficiente para desenvolver, con efectividade, as tarefas de información e documentación.
- O mantemento da oficina que contará cun espazo axeitado para o desenvolvemento das súas funcións, nun local idóneo e habilitado para estes fins, que deberá contar con liñas telefónicas e acceso a internet.
- A Hermandad Gallega promoverá a identificación daquelas persoas de orixe galego e con nacionalidade española que, carentes de recursos, poidan quedar en grave risco de desprotección mediante os oportunos informes dos traballadores sociais da entidade que, a través dunha atención social individualizada, exercerán as funcións de avaliación das persoas en situación de carencia.
- Prestar a axuda de carácter socio asistencial ou sanitario ás persoas beneficiarias nos termos establecidos neste convenio e informar periodicamente á Secretaría Xeral da Emigración sobre os resultados sociais desta iniciativa.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida polo órgano xestor, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.
- Actuar con suxeición ás obrigas sinaladas para os beneficiarios de subvencións ou axudas públicas do artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Facer constar, en todo tipo de publicidade e información que se realice en desenvolvemento deste programa, a condición de entidade subvencionada pola Secretaría Xeral da Emigración, así como o seu correspondente logotipo.
- Facilitar a actuación dos técnicos da Secretaría Xeral da Emigración no referente ao seguimento das actividades obxecto da axuda.
- Subministrar á Secretaría Xeral da Emigración, en virtude do disposto no artigo 4 da

Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Secretaría Xeral da Emigración das obrigas previstas no Título I da citada Lei.

2. A Secretaría Xeral da Emigración obrígase a:

- Achegar o financiamento previsto na cláusula terceira condicionada ao cumprimento do estipulado no presente convenio.
- Facilitar información, asesoramento e colaboración dos programas e das accións que deba ser difundidos a través da Oficina de Información e Asesoramento.

NOVENA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.

2. Igualmente, e de conformidade co establecido no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

DÉCIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Sen prexuízo das causas xerais establecidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia serán causa de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes xuros, as seguintes:

- a) O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste convenio.
- b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.

DÉCIMO PRIMEIRA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por catro persoas, dous representantes da Secretaría Xeral da Emigración, dos cales un será o presidente e dous representantes da entidade.

A Comisión terá as seguintes funcións:

a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.

b) Propoñer a interpretación e a resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Está Comisión actuará segundo o previsto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 do outubro, do réxime xurídico do sector público.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración.

DÉCIMO SEGUNDA.- RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Secretaría Xeral da Emigración, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á mencionada secretaría responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

A Secretaría Xeral da Emigración, ou o persoal dela dependente, non impartirán instrucións nin ordes aos traballadores contratados para a execución deste convenio.

A Secretaría Xeral da Emigración poderá comprobar en todo momento o cumprimento por parte da outra parte das obrigas laborais e de aseguramento do persoal destinado a executar as actuacións obxecto deste convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE, SEGUIMENTO E COLABORACIÓN

En virtude do establecido nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o convenio deberá ser publicado a través da Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS), que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións a través da súa páxina web www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/es/index.

O beneficiario da axuda coñece e consente a inclusión dos seus datos nos rexistros aos que, en virtude da normativa á que está sometido o convenio, deberá dársele publicidade a esta subvención, en concreto, nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso de todas as partes para ás obrigas de publicidade impostas pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de

transparencia e bo goberno.

A entidade asinante presta o seu consentimento para que os seus datos que constan no convenio, e mailo resto das especificacións contidas no mesmo podan ser obxecto da devandita publicidade.

DÉCIMO CUARTA.- RÉXIME XURÍDICO

O réxime xurídico deste convenio vén determinado polo establecido no mesmo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións nos seus preceptos básicos e demais normativa que sexa de aplicación.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desistimento pola outra parte procederase á súa inmediata resolución. Concorridos tales supostos esta entidade reintegrará ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que deán lugar de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que a mesma dispuxese.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio (agás as que teñen que ver co outorgamento, xustificación, pagamento, reintegro e determinación de responsabilidades relativas a subvención concedida que serán resoltas polo Secretario Xeral da Emigración) integraranse, interpretaranse e resolveranse motivadamente pola administración autonómica, logo do ditame non vinculante da comisión a que fai referencia a cláusula décimo primeira. Contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderanse interpoñer os oportunos recursos contencioso-administrativos ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO QUINTA.- VIXENCIA

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 25 de outubro de 2019, agás que sexa denunciado por algunha das partes, por incumprimento dos acordos que nel se recollen.

Porén, de acordo co artigo 2.1.b. da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, as achegas económicas poderán financiar as accións necesarias para o cumprimento do obxecto do convenio realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2019.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan o presente convenio, por duplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento.



O SECRETARIO XERAL DA
EMIGRACIÓN

O PRESIDENTE DA HERMANDAD
GALLEGA DE VENEZUELA

Antonio Rodríguez Miranda

Roberto González Pérez

